



Concello de Guitiriz

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2023/1

Órgano Colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria

Ordinaria

Data

26 de xaneiro de 2023

Duración

Desde as 19:30 ata as 21:44 horas

Lugar

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI

Nome e Apelidos

Asiste

33554944Z

Ainara Pérez Losada

SÍ

33310371T

Angel Seoane Lamela

SÍ

33860503H

Carlos Placido Bujan Lopez

SÍ

33852173Z

Francisco José Penas Pardo

SÍ

32822479F

Laura Ageitos Miragaya

SÍ

32776632E

Marisol Morandeira Morandeira

SÍ

33844142X

María Manuela Carballeira García

SÍ

76577601K

Monica Vázquez Lago

SÍ

33346610Z

Paula Campo Barral

SÍ

33317872A

Pilar Vazquez Ares

SÍ

33826774F

Xosé Lois González Souto

SÍ





Concello de Guitiriz

33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Sometidas a votación a acta da sesión extraordinaria de data 22-12-2022 é aprobada por unanimidade.

Expediente 801/2022. Contrato mixto servizos enerxéticos do alumado exterior e dos edificios municipais.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstención: 1, Ausentes: 0

<< Contrato mixto servizos enerxéticos do alumado exterior e dos edificios municipais. Expte. 801/2022

O Concello de Guitiriz iniciou a tramitación do expediente de contratación, para a contratación dunha actuación global e integrada sobre as instalacións de iluminación exterior municipal e os edificios municipais conxuntamente, mediante a modalidade de servizos enerxéticos a través dunha Empresa de Servizos Enerxéticos. Este futuro contrato superará os 5 millóns de euros e incluírá unha cláusula de revisión de prezos.

Entre os trámites preparatorios da referida licitación, atópase o previsto no artigo 9.7 do RD 55/2017 do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo de desindexación da economía español, relativo á necesidade de que o órgano de contratación inclúa no expediente de contratación un informe preceptivo valorativo da estrutura de custos, emitido polo Comité Superior de Prezos do Contratos do Estado.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE , cos votos en contra do PP e a abstención do BNG acordou o seguinte:





Concello de Guitiriz

PRIMEIRO. Dar traslado aos seguintes operadores económicos do sector (Ferrovia, Acciona Energía, Veolia, Edison Next, Imesapi, FCC e ALUVISA) a efectos de solicitar a remisión da súa estrutura de custes.

SEGUNDO. Elaborar unha proposta de estrutura de custes da actividade.

TERCEIRO. Someter a proposta de estrutura de custes a un trámite de información pública por un prazo de 20 días. No caso de que se presenten alegacións no devandito trámite, o órgano de contratación deberá valorar a súa aceptación ou rexeitamento de forma motivada na memoria

CUARTO. Remitir a proposta de estrutura de custes ao Comité Superior de Prezos de Contratos do Estado. >>

Aberto o debate pola Alcaldesa o voceiro do Partido Popular di que eles pensan que este punto debería ser retirado da orde do día polas seguintes razóns, é un tipo de contrato que non é obrigatorio formalizar nestes intres, un contrato cun presuposto de 10.219.045 euros a 20 anos o que supón un custe para a veciñanza de case 2.000 euros veciño/ano.

O informe do técnico de medio ambiente establece que con respecto ao subministro eléctrico das instalacións non se pronuncia e di que non conta cos coñecementos suficientes para facer o prego.

Consta no expediente outro informe do enxeñeiro técnico industrial no cal se xustifica a base de licitación, que di no punto segundo: para que o aforro igualase o custe das actuacións que se pretenden levar a cabo o prezo do quilovatio debería de baixar mas da metade do prezo actual, valores que non se alcanzan dende o ano 2017 e que lamentablemente non se volveran a ver por moito que baixe o prezo da enerxía.

Neste mesmo informe indicase que o concello ten unha planta fotovoltaica que, si estiveran funcionando, podería cubrir o 20% do consumo da enerxía dos edificios municipais pero como non están a funcionar estamos perdendo 60.000,00 euros.

Resumindo e do que se desprende do informe do enxeñeiro o custe do contrato non vai supoñer ningún aforro por iso ao Partido Popular de Guitiriz parécenos que é unha hipoteca a 20 anos para toda a veciñanza.

O voceiro do BNG di que despois de repasar os informes técnicos vemos que queren tramitar un expediente de contratación para unha actuación global e integrada sobre as instalacións e iluminacións exteriores e tamén dos edificios municipais mediante a modalidade de servizos enerxéticos a través dunha empresa de servizos enerxéticos. Este futuro contrato vai supoñer unha cantidade de 10.219.045 euros cunha duración de 20 anos, parécenos unha verdadeira toleada o que pretenden, xa que cremos que non se pode hipotecar ao concello deste maneira.

Menos mal que esta proposta so consiste en solicitar a unhas empresas estatais, operadores do sector, a remisión da súa estrutura e o custe deste contrato mixto de servizos enerxéticos que englobaría o consumo de luz de todo o concello e o seu mantemento durante 20 anos.

Na documentación que nos facilitou para debater sobre este expediente non nós facilita o consumo enerxético dos últimos anos, nin o custe do mantemento que supón para o concello para que podamos facer algunha estimación ou comparación.

No informe do técnico de medio ambiente municipal comenta “consta a realización dunha serie de inversións a cargo do contratista que serán aboadas polo concello e que serán





Concello de Guitiriz

complementarias aos aforros que podan conseguir cunha xestión mais eficiente das instalacións e coa redución do custe enerxético que viña facendo o concello en anos anteriores" advertindo que devanditas inversións poderían recuperarse con axudas de outras Administracións Públicas.

Tamén comenta que con respecto ao subministro eléctrico das instalacións non procede pronunciarse porque non ten coñecementos nin información suficiente para informar ao respecto.

As conclusións que emite este técnico son: que o prego de prescricións técnicas para a contratación de servizos enerxéticos de alumeado exterior e dos edificios municipais son viables tecnicamente dende o punto de vista de prestación do servizo, de mantemento e conservación das instalacións eléctricas municipais, e dicir, non fala para nada do contrato mixto.

O noso concello diminúe a poboación en 50 persoas por ano, isto quere dicir que en vinte anos a concello terá 4.330 persoas, e dicir, 1000 menos que a día de hoxe polo que o contrato agora vainos a saír 510.952,28 € sendo o custe anual por persoa de 96 euros, dentro de 20 anos cada persoa pagara 118 euros pero é imposible saber o que vai pasar cos custes da luz e do mantemento.

A Sra. Alcaldesa di que ela quere aclarar que ao pleno non se esta traendo a licitación do contrato mixto de servizos enerxéticos, que si chegado o momento decidiran aprobalo, efectivamente habería que tralo ao Pleno debido ao importe do mesmo, o que traemos é a proposta de solicitar unha estrutura de custes a uns operadores económicos do sector.

O voceiro do PP di que dende o Partido Popular pídenlle que arranxe esas placas que hai para que produzan enerxía e así aforrar 60.000 euros.

O voceiro do BNG di que non se pode hipotecar ao concello con este tipo de contratos a 20 anos e menos a catro meses das eleccións .

A Alcaldesa reiterase no dito anteriormente.

Sometido o asunto a votación e aprobado cos votos a favor PSOE, en contra PP e abstención BNG.

Expediente 29/2023. Aprobación inicial da modificación da RPT (8ª modificación). Texto refundido RPT 2023.

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

<< Aprobación inicial da modificación da RPT (8ª modificación). Texto refundido RPT 2023. Expte: 29/2023

Vistos os seguintes antecedentes máis relevantes que constan no expediente:





Concello de Guitiriz

Acordo plenario de data 30/05/2013 polo que se aprobou definitivamente o Organigrama Municipal e a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz (Anexo I).

Acordo plenario de data 27/01/2022 polo que se aprobou definitivamente a modificación da RPT (7º modificación), publicada no BOP de data 8/02/2022.

Sen prexuízo do anterior, e paralelamente as negociacións que se poidan realizar cos representantes dos traballadores, o equipo de goberno municipal pretende neste momento facer unha oitava modificación da RPT no relativo a ao nivel retributivo de varios postos e a regulación para a posible carreira horizontal de varios postos.

Paralelamente está tramitándose o expediente de aprobación da plantilla de persoal e o orzamento municipal para o ano 2023. En consecuencia, consignaranse nos orzamentos do ano 2023 as cantidades correspondentes para atender as obrigas económicas que se derivan da modificación da Relación de Postos de Traballo no suposto de ser aprobada.

Vista a providencia de alcaldía de data 12/01/2023

Visto o informe xurídico de secretaría nº 2023-007 de data 12/01/2023 e o informe de intervención nº 2023-0007 de data 17/01/2023

Ao amparo do establecido no Estatuto Básico do Empregado Público e no Estatuto dos Traballadores, e da cláusula 4 do Acordo Marco Regulador do Persoal Funcionario e do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Guitiriz, someteuse dito proxecto de modificación puntual da RPT a negociación colectiva no marco da Mesa Xeral de Negociación de data 17/01/2023.

Considerando o disposto no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local; a Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais normativa concordante.

Posto que conforme establece o artigo 22.2.i) da Lei 7/85 de 2 de Abril, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación por maioría simple da Relación de Postos de Traballo.





Concello de Guitiriz

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación puntual da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz de acordo co proxecto de modificación puntual da RPT (Anexo I) e o Texto refundido da RPT ano 2023 (Anexo II) que se transcribe integramente a continuación.

SEGUNDO.- Conceder un trámite de audiencia aos interesados mediante a publicación dun anuncio de exposición pública do expediente no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que durante o prazo de 20 días calquera interesado no expediente poida presentar suxestións ou alegacións. Finalizado o trámite de audiencia aos interesados e á vista das suxestións ou alegacións presentadas corresponderá ao Pleno a aprobación definitiva do expediente coas modificacións oportunas.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei de emprego público de Galicia a aprobación inicial da modificación da RPT e o seu Texto refundido elevarase a definitiva se durante o prazo de información pública non se formularan reclamacións, suxestións ou alegacións. Unha vez aprobada definitivamente a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

ANEXO I

PROXECTO DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

INDICE

1.- Antecedentes.

2.- Modificación das Fichas 17:Posto de traballo; Limpadora (2) (código 21, 22). , Ficha 18:Posto de Traballo: limpadora (código 23); Ficha 19:Posto de traballo: limpadora (código24) ; Ficha 29:Posto de traballo ; auxiliar de axuda no fogar (28) (código 41 a 68). No relativo as retribucións íntegras anuais.

3.- Aos efectos dunha posible promoción horizontal tal e como regula o art 17 do EBEP en distintos postos, tendo en conta que a promoción vertical está moi limitada polo número de prazas que existen neste Concello, modificación das Fichas nº 7: Posto de traballo administrativo/a(códigos 07,08,e 09) ; Fichas nº 8 Posto de traballo; Administrativo/a Sección Economica (2) (Códigos 10 y 11) ;Fichas 9 Posto de traballo; Administrativo/a Secretaría- Urbanismo (código 12) ; no relativa á progresión horizontal.





Concello de Guitiriz

4.- Aos efectos da regularización das contías retributivas en base a proposta de RPT elaborada pola empresa "J&L Tudó Consulting, S.L." no seu momento, establecendo o salario base do grupo IV equivalente ao C2 para o ano 2023 e os complementos de competencia e mando e factores complementarios modificación da ficha 33: Posto de traballo; Monitor/a de Deportes no referente as retribucións íntegras anuais.

5.- Actualización de salarios en todas as fichas da RPT

1.Antecedentes.

-Por acordo plenario de data 30/05/2013 aprobouse definitivamente Organigrama Municipal e a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) do persoal funcionario e laboral do Concello de Guitiriz.

-Acordo plenario de data 27/01/2022 polo que se aprobou definitivamente a modificación da RPT (7º modificación), publicada no BOP de data 8/02/2022.

-Por providencia de alcaldía de data 12/01/2023 incóase expediente para a modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT) vixente do Concello de Guitiriz no relativo aos seguintes aspectos máis urxentes e necesarios:

<< PRIMEIRO.- Incoar expediente para a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Guitiriz dunha serie de postos a nivel retributivo e a regulación para a posible carreira horizontal, que quedarían articulados do seguinte modo:

A) Aos efectos de regularización das súas contías retributivas.

FICHA Nº 17. Posto de Traballo: Limpadora (2) (Código 21, 22)

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo-descontinuo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): A.P.
- ¾ Formación específica: No
- ¾ Nº postos: 2
- ¾ Vacantes: No
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Retribucións íntegras anuais: SMI + trienios





Concello de Guitiriz

- ¾ Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas

FICHA Nº 18. Posto de Traballo: Limpadora (Código 23)

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo-descontinuo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): A.P.
- ¾ Formación específica: No
- ¾ Nº de postos: 1
- ¾ Vacantes: 1
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Retribucións integras anuais: SMI + trienios
- ¾ Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas

FICHA Nº 19. Posto de Traballo: Limpadora (Código 24)

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): A.P.
- ¾ Formación específica: No
- ¾ Vacante: No
- ¾ Nº de postos: 1
- ¾ Vacantes: No
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Retribucións integras anuais: SMI + trienios
- ¾ Adscrición: Sección de Urbanismo, M.A. e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas





Concello de Guitiriz

FICHA Nº 29. Posto de traballo: Auxiliar de axuda no fogar (28) (Código 41 a 68)

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): A.P.
- ¾ Formación específica: Si, Carne conducir tipo B
- ¾ Nº de postos: 28
- ¾ Vacantes: 6
- ¾ Forma de provisión: Concurso-oposición
- ¾ Retribucións integrais anuais: SMI + trienios
- ¾ Adscrición: Sección de Servizos Sociais, Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

B) Aos efectos dunha posible promoción horizontal tal e como regula o art 17 do EBEP en distintos postos, tendo en conta que a promoción vertical está moi limitada polo número de prazas que existen neste Concello:

FICHA Nº 7. Posto de traballo: Administrativo/a (3) (Códigos 07, 08 e 09)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- ¾ Grupo: C1
- ¾ Escala/Subescala: Administración Xeral, Administrativa
- ¾ Formación específica: No.
- ¾ Tipo de posto: Base ou non singularizado
- ¾ Nº de postos: 3
- ¾ Vacantes: 1
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Progresión horizontal: SI; ata un máximo do nivel de complemento de destino do grupo correspondente
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD):18.





Concello de Guitiriz

- ¾ Complemento específico anual (CE): 8221,40 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección de Secretaría Xeral, Servicio de Secretaría e Asuntos Xerais, Servicio de Contratación e Patrimonio, e Servicio de RRHH.

FICHA Nº 8. Posto de traballo: Administrativo/a Sección Económica (2) (Códigos 10 y 11)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- ¾ Grupo: C1
- ¾ Escala/Subescala: Administración Xeral, Administrativa
- ¾ Formación específica: No.
- ¾ Tipo de posto: Base ou non singularizado
- ¾ Nº de postos: 2
- ¾ Vacantes: 1
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Progresión horizontal: SI; ata un máximo do nivel de complemento de destino do grupo correspondente .
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD):18.
- ¾ Complemento específico anual (CE): 8221,40 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección Económica, Servicio de Xestión económica, Servicio de Tesourería e Recadación

FICHA Nº 9. Posto de traballo: Administrativo/a Secretaría-Urbanismo (Código 12*)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- ¾ Grupo: C1
- ¾ Escala/Subescala: Administración Xeral, Administrativa
- ¾ Formación específica: No.
- ¾ Tipo de posto: Base ou non singularizado
- ¾ Nº de postos: 1





Concello de Guitiriz

- ¾ Vacantes: 1
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Progresión horizontal: SI; ata un máximo do nivel de complemento de destino do grupo correspondente.
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD):18.
- ¾ Complemento específico anual (CE): 8221,40 euros (actualizado 2023)
- ¾ *Doble Adscripción: -Sección de Secretaría Xeral, Servicio de Contratación e Patrimonio, Servicio de Secretaría e Asuntos Xerais
- ¾ -Sección de Urbanismo, Medio Ambiente e Infraestruturas, Servicio de Urbanismo

C) Aos efectos da regularización das contías retributivas en base a proposta de RPT elaborada pola empresa "J&L Tudó Consulting, S.L." no seu momento, establecendo o salario base do grupo IV equivalente ao C2 para o ano 2023 e os complementos de competencia e mando e factores complementarios da citada ficha:

FICHA Nº33. Posto de traballo: Monitor/a de Deportes (Código 73).

- ¾ Características esenciais: Persoal laboral fixo da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo (Equivalencia): C2
- ¾ Formación específica: Si
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Retribucións integras anuais: 25.414,82 € +trienios
- ¾ Adscripción: Sección de Servicios Múltiples, Servicio de Deportes e Actividades Socio-culturais (Responsable de Servicio)

ANEXO II

TEXTO REFUNDIDO DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABAJO ANO 2023

INDICE

I. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO XERAL

II. FICHAS INDIVIDUAIS DA RPT





Concello de Guitiriz

I. ORGANIGRAMA ADMINISTRATIVO XERAL

SECCIÓN DE SECRETARIA GENERAL (6 postos)
Servicio de Secretaria y Asuntos Xerais (Códigos 01, 07,12*)
Servicio de Contratación e Patrimonio (Código 08)
Servicio de Recursos Humanos (Código 09, 04*)

SECCIÓN ECONOMICA (5 postos)
Servicio de Xestión económica (Códigos 02, 04*,10)
Servicio de Tesourería e Recadación (Códigos 03,11)

SECCIÓN DE URBANISMO, MEDIO AMBIENTE E INFRAESTRUCTURAS (23 postos)
Servicio de Urbanismo (Códigos 05,12*)
Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas (Códigos 06, 14, 17, 18, 20 a 35 e 76)

SECCIÓN DE SERVICIOS SOCIALES (40 postos)
Servicio de Servicios Sociais xerais (Códigos 19,13)
Servicio de Axuda no Fogar (Códigos 40, 41 a 68, 75)
Servicio de Educación e PAI (Códigos 36 a 39)
Servicio de Centro de Día (Códigos 69 a 72)

SECCION DE SERVICIOS MULTIPLES (4 postos)
Servicio de Seguridade Cidadán (Códigos 15,16)
Servicio de Deportes e Actividades Socio-culturais (Códigos 73,74)

II. FICHAS INDIVIDUAIS DA RPT

Persoal Funcionario (14 fichas, 18 postos)

Ficha RPT Nº1: Secretario/a. Código 01.
Ficha RPT Nº2: Interventor/a. Código 02.
Ficha RPT Nº3: Técnico/a Xestión Ec. (Tesorero). Código 03.
Ficha RPT Nº4: Técnico/a de Emprego e desenvolv. local. Código 04.
Ficha RPT Nº5: Arquitecto/a Técnico/a Municipal. Código 05.
Ficha RPT Nº6: Técnico/a de Medio Ambiente. Código 06.
Ficha RPT Nº7: Administrativo/a de Secretaría (3). Código 7, 8 e 9.
Ficha RPT Nº8: Administrativo/a da Sección económica (2). Código 10 e 11.
Ficha RPT Nº9: Administrativo/a de Secretaría-Urbanismo. Código 12.
Ficha RPT Nº10: Auxiliar administrativa de Servizos sociais. Código 13.
Ficha RPT Nº11: Encargado/a de Obras e Servicios. Código 14.
Ficha RPT Nº12: Policía Local (2). Código 15 e 16.
Ficha RPT Nº13: Conserxe Instalac. Municipais. Código 17.
Ficha RPT Nº14: Conserxe Colexios e Instac. Municipais. Código 18.

Persoal laboral fixo* (21 fichas, 58 postos)

Ficha RPT Nº15: Traballadora Social. Código 19.
Ficha RPT Nº16: Conserxe Instalac. Munic.-Conductor. Código 20.





Concello de Guitiriz

Ficha RPT Nº17: Limpador/a (2) (fixo-desc). Código 21 e 22.
Ficha RPT Nº18: Limpador/a (fixo-desc). Código 23.
Ficha RPT Nº19: Limpador/a. Código 24.
Ficha RPT Nº20: Peón de Servicios (2). Código 25 e 26.
Ficha RPT Nº21: Peón de Servicios múltiples (4). Código 27, 28, 29 e 76.
Ficha RPT Nº22: Peón-coordinador Brigada Verde (fixo-desc). Código 30.
Ficha RPT Nº23: Peón Brigada Verde (2) (fixo-desc). Código 31 e 32.
Ficha RPT Nº24: Peón Brigada Verde (3). Código 33,34 e 35.
Ficha RPT Nº25: Técnico/a de Educación familiar *(persoal laboral indefinido).Código 36.
Ficha RPT Nº26: Técnico/a Medio Encargado/a PAI. Código 37.
Ficha RPT Nº27: Técnico/a Medio PAI (2). Código 38 e 39.
Ficha RPT Nº28: Traballadora social SAF. Código 40.
Ficha RPT Nº29: Auxiliar de Axuda no Fogar (28). Código 41 a 68.
Ficha RPT Nº30: Terapeuta ocupacional do CD. Código 69.
Ficha RPT Nº31: Auxiliar de xeriatría do CD (2). Código 70 e 71.
Ficha RPT Nº32: Cociñeiro/a do CD. Código 72.
Ficha RPT Nº33: Monitor/a de Deportes. Código 73.
Ficha RPT Nº34: Técnico/a de Turismo. Código 74.
Ficha RPT Nº35: Traballador/a social SAF. Código 75

*O posto de Técnico/a de Educación familiar (Ficha RPT Nº25, Código 36) é persoal laboral indefinido, e o único posto laboral da RPT que non é fixo.

FICHA Nº1. Posto de traballo: Secretario/a (Código 01)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- ¾ Grupo: A1
- ¾ Escala/Subescala: HHEE/Secretaría (Categoría de Entrada)
- ¾ Formación específica: Si.
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: 0
- ¾ Forma de provisión: Concurso de méritos HHNN.
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 28
- ¾ Complemento específico anual (CE): 20635,44euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección de Secretaría Xeral (Xefatura de Sección).
- ¾ Principais funcións do posto:





Concello de Guitiriz

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas HHNN:

-As sinaladas no artigo 3 do Real Decreto 128/18, do 16 de marzo (ou na norma que o substitúa), así como outras funcións recollidas en normativa de rango legal ou regulamentario concordante coa anterior.

- As sinaladas expresamente en calquera outra norma con rango legal.

Outras funcións:

-A coordinación das seccións e servizos municipais nos aspectos xurídico-administrativos relacionados coas responsabilidades atribuídas legalmente a aquel. No exercicio da devandita función, co fin de adecuar a actuación administrativa nos seus aspectos formais ás regras polas que se rexe e de unificar criterios, o/a Secretario/a poderá ditar instrucións de carácter Xeral, co visto e praxe da Alcaldía. -Conformidade á tramitación de expedientes de todo tipo desde o punto de vista da normativa aplicable e do procedemento administrativo. -Coordinación dos procesos administrativos de implantación da RPT e da Administración electrónica.

FICHA Nº2. Posto de traballo: Interventor/a (Código 02)





Concello de Guitiriz

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira da escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.
- ¾ Grupo: A1
- ¾ Escala/Subescala: HHNN/Intervención-Tesourería (Categoría de Entrada).
- ¾ Formación específica: Si.
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: 0
- ¾ Forma de provisión: Concurso de méritos HHNN.
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 28
- ¾ Complemento específico anual (CE): 20635,44 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscripción: Sección Económica (Xefatura de sección).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por





Concello de Guitiriz

necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas HHNN:

-As sinaladas en artigo 4 do Real Decreto 128/18, do 16 de marzo (ou na norma que o substitúa), así como outras funcións recollidas en normativa de rango legal ou regulamentario concordante coa anterior.

- As sinaladas expresamente en calquera outra norma con rango legal (estabilidade orzamentaria, etc..).

Outras funcións:

-Auxilio na planificación da actividade económica-financeira municipal de acordo coa normativa de estabilidade orzamentaria de aplicación.

-Colaboración con alcaldía na elaboración dos presupostos e as súas modificacións segundo as directrices de alcaldía.

-Supervisión da contabilidade da Corporación ou entidades dependentes.

-Fiscalización da formación e tramitación da Conta Xeral.

- Fiscalización da xestión tributaria local e das propostas de xestión tributaria así como das propostas de resolución de recursos contra as mesmas.

-Supervisión das propostas de aprobación de Ordenanzas fiscais, así como dos informes económicos relativos aos instrumentos xurídicos reguladores de taxas ou prezos públicos.

-Elaboración de estudos de custos sinxelos para determinar o custo dos servizos.

-Emisión de Circulares e Instrucións internas respecto dos procedementos de xestión de ingresos e gastos que leven a cabo os restantes departamentos.

FICHA Nº3. Posto de traballo: Técnico de Xestión Económica-Tesoureiro (Código 03)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- ¾ Grupo: A2
- ¾ Escala/Subescala: Administración Xeral, Xestión
- ¾ Formación específica: Si.
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1





Concello de Guitiriz

- ¾ Vacante: No
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre
- ¾ Provisión temporal: Comisión de servizos
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 22
- ¾ Complemento específico anual (CE): 13856,36 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección Económica, Servicio de Tesourería e Recaudación (Responsable de Servicio).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Responsable de Servizo: Coordinación de todo o persoal adscrito ao servizo; programación e distribución do traballo do servizo conforme ás directrices da xefatura do servizo; coordinación e colaboración co resto de servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados ao servizo, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Funcións específicas de Tesourería:

-Manexo e custodia de fondos, valores e efectos da Entidade: a) Execución do "Plan de Disposición de Fondos" da Tesourería para a óptima xestión dos recursos líquidos dispoñibles.

b) Xestión integral do endebedamento a curto prazo

c) Prestar o servizo de Caixa





Concello de Guitiriz

Funcións específicas de Tesourería e Xestión tributaria:

-Xefatura dos servizos de Recadación: a) Dirixir e coordinar a función recadatoria.
b) Xestión de cobranza en período voluntario, sen prexuízo das atribucións das demais dependencias competentes en materia de xestión e control dos devanditos créditos e dereitos, sen prexuízo dos convenios con outras administracións nesta materia.

c) Realizar a xestión de cobranza en vía executiva directamente e exercer o control, no seu caso, da recadación executiva realizada a través dos Organismos delegados para a devandita materia, sen prexuízo dos convenios con outras administracións nesta materia.

d) Tramitar os expedientes de aprazamento e fraccionamento.

e) Exercer o control da recadación realizada a través das entidades colaboradoras.

f) Ditar a Providencia de constrinximento e verificar os intereses de demora por ingresos fóra de prazo.

-Dirección da xestión tributaria local.

Outras funcións:

-As sinaladas no artigo 169.1 b) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, nas materias seguintes: Desenvolvemento de tarefas de xestión administrativa e apoio de nivel intermedio comúns á actuación da Administración; fundamentalmente nos procedementos administrativos e económico-financeiros da Sección de Tesourería e Recadación.

-Confeccionar as nóminas do persoal municipal (funcionarios, laborais, Corporación Municipal)

-Relación coa Mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como das prestacións.

-Tramitación e liquidación dos Seguros Sociais, Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas (I. R. P. F.), etc...

FICHA Nº4 . Posto de traballo: Técnica de Emprego e desenvolvemento local (Código 04*)

$\frac{3}{4}$ Características esenciais: Persoal funcionario propio da Corporación Local.

$\frac{3}{4}$ Grupo: A1/A2

$\frac{3}{4}$ Escala/Subescala: Administración Xeral, Técnica

$\frac{3}{4}$ Formación específica: Si.

$\frac{3}{4}$ Tipo de posto: Singularizado

$\frac{3}{4}$ Nº postos: 1





Concello de Guitiriz

- ¾ Vacante: SI
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre/Concurso-oposición
- ¾ Provisión temporal: Comisión de servizos
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 24
- ¾ Complemento específico anual (CE): 15019,71 euros (actualizado 2023)
- ¾ *Dobre Adscripción: Sección Económica, Servicio de Xestión económica

Sección de Secretaria, Servicio de RRHH

- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias do posto: Cumprimento de instrucións e directrices do Responsable de Servizo; procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de documentos que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

- Confección de notificacións ou comunicacións na súa materia e traslado a Rexistro Xeral para que sexan rexistradas de saída con celeridade.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

Unidade de Xestión económica e Desenvolvemento Local:

-Xestión dos expedientes relativos a calquera transferencias correntes ou de capital, tanto referidas a ingresos como a gastos que afecten o Concello. En determinados casos esta xestión poderá ser compartida con outros órganos, no sentido de ter un coñecemento e participación directa das implicacións financeiras daqueles





Concello de Guitiriz

-Xestión dos trámites requiridos en cada momento en relación á Base de Datos Nacional de Subvencións, ou outros destinos similares afectados pola xestión do apartado anterior

-Xestión dos convenios que se poidan subscribir con outras Administracións Públicas, organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes, Universidades públicas, e calquera outros entes de dereito público privado que teña ou poidan ter nalgún caso algunha relevancia respecto do presuposto. En determinados casos esta xestión poderá ser compartida con outros órganos, no sentido de ter un coñecemento e participación directa das implicacións financeiras daqueles.

-Procura e tramitación de subvencións para o Concello outorgadas por outras administracións ou institucións públicas ou privadas, e información aos particulares sobre subvencións municipais ou doutras administracións públicas.

-Difusión e estímulo das potenciais oportunidades de creación de actividade entre persoas desocupadas, promotores, emprendedores e institucións colaboradoras.

-Promoción de iniciativas de índole económico e social orientadas a dinamizar e impulsar actividades empresariais que reactiven a economía e o emprego no municipio.

-Acompañamento técnico na iniciación de proxectos empresariais para consolidalos en empresas xeradoras de novas ocupacións, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en Xeral, sobre os plans para creación de empresas.

-Apoio a promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañando tecnicamente a estes durante as primeiras etapas de funcionamento mediante a aplicación de técnicas de consultoría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para coadyuvar á boa marcha das empresas creadas.

-Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, que identifican novas actividades económicas e posibles emprendedores.

-Promover e supervisar os programas de fomento de ocupación e orientación laboral no ámbito local en colaboración co servizo de emprego e outras administracións públicas con competencias na materia

-Informar, asesorar e orientar sobre recursos existentes para a creación de emprego.

- Desenvolver os programas de inserción laboral e os proxectos de escolas taller e casas de oficio.

-Outras funcións xenéricas que lle sexan encomendadas propias da titulación.

Unidade de RRHH:

-Xestión de incidencias propias da vida laboral dos empregados municipais laborais: nomeamentos, contratos laborais, mantemento do expediente persoal, cesamentos, situacións administrativas, permisos, licenzas, etc...

-Seguridade e hixiene, prevención de accidentes e saúde laboral dos traballadores municipais; seguimento do comité de seguridade e saúde municipal.





Concello de Guitiriz

-Participación na Negociación Colectiva nos órganos de representación sindical (Mesa Xeral de Negociación, Comisión Paritaria, etc.), das materias establecidas na lexislación vixente, tanto para o persoal funcionario como o suxeito ao réxime laboral, levantando acta dos puntos negociados e dos pactos, acordos ou convenios consensuados.

-Xestión de convenios coa Universidade e demais Entes Públicos educativos, para a realización de prácticas como bolseiros, alumnos das devanditas Entidades.

-Asesoramento xurídico laboral.

-Comunicación co I. N.E.M., Tesourería Xeral da Seguridade Social, I. N. S.S., Inspección de Traballo e, calquera outro organismo relacionados coas funcións do ámbito.

FICHA Nº 5. Posto de traballo: Arquitecta Técnica Municipal (Código 05)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Municipal.
- ¾ Grupo: A2
- ¾ Escala/Subescala: Administración Especial, Técnica
- ¾ Formación específica: Si
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: No
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre
- ¾ Provisión temporal: Comisión de servizos
- ¾ Nivel de complemento de destino (CD): 24
- ¾ Complemento específico anual (CE): 16892,10 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección de Urbanismo, Medio Ambiente e Infraestruturas (Xefatura de Sección), Servicio de Urbanismo (Responsable do Servicio).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos





Concello de Guitiriz

fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

- Atención ao público directamente ou por teléfono todos os días semana, salvo que sexa autorizado pola alcaldía ou tenencia de alcaldía un número menor de días de atención ao público.

-Substitución doutros postos de categorías similares durante ausencias, permisos ou vacacións de acordo cos calendarios de traballo de cada sección ou servizo.

-Outras funcións expresamente encomendadas pola alcaldía circunstancialmente ou por necesidades do servizo, que sexan adecuadas á categoría do posto aínda que non sexan especificamente propias do posto de traballo (artigo 73.2 do EBEP).

Específicas do posto:

-Informe e asesoramento técnico nos procedementos de outorgamento de licenzas de obras menores e maiores: de edificación, demolición, primeira ocupación e parcelación, etc....

-Informe e asesoramento técnico no procedemento de outorgamento de licenzas de apertura de establecementos e actividades.

-Informe e asesoramento técnico en expedientes por infraccións urbanísticas ou expedientes sancionadores incoados polo Concello.

-Informe de proxectos de urbanización de iniciativa municipal que se redacten por outras Administracións Públicas ou a iniciativa privada.

-Apoiar ou colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Desenvolvemento e supervisión integral da actividade urbanística municipal: Plan, Intervención e a Xestión Urbanística, así como na execución e desenvolvemento técnico de obras, proxectos e infraestruturas municipais.

-Colaboración técnica coa empresa contratada polo Concello para redacción de Plans Xerais, Plans Parciais, Plans de Reforma Interior, Plans Especiais, Estudos de Detalle de iniciativa municipal, Proxectos Supramunicipais, Proxectos de Urbanización e de Infraestruturas, Proxectos de reparcación ou proxectos de expropiación.

- Redacción e/ou supervisión de proxectos ou memorias de obras municipais e dirección técnica ou supervisión de obras de iniciativa municipal ou particular.

-Responsable de contratos de obras ou servizos municipais cando sexa nomeada pola alcaldía ou





Concello de Guitiriz

Xunta de Goberno Local coas facultades establecidas na normativa de contratos do sector público.

-Outras funcións xenéricas que lle sexan encomendadas propias da titulación de Arquitectura Técnica.

FICHA Nº 6. Posto de traballo: Técnico de Medio Ambiente (Código 06)

- ¾ Características esenciais: Funcionario de carreira propio da Corporación Local.
- ¾ Grupo: A1/A2
- ¾ Escala/Subescala: Administración Especial, Subescala Técnica.
- ¾ Formación específica: Si
- ¾ Tipo de posto: Singularizado
- ¾ Nº postos: 1
- ¾ Vacante: No
- ¾ Forma de provisión: Oposición libre
- ¾ Provisión temporal: Comisión de servizos
- ¾ Nivel de Complemento de destino (CD): 24
- ¾ Complemento específico anual (CE): 18283,48 euros (actualizado 2023)
- ¾ Adscrición: Sección de Urbanismo, Medio Ambiente e Infraestruturas, Servicio de Medio Ambiente e Infraestruturas (Responsable do Servicio).
- ¾ Principais funcións do posto:

Xerais:

-Funcións propias de Xefatura de Sección: Coordinación de todo o persoal adscrito á sección; programación e distribución do traballo da sección e dos servizos adscritos á mesma; delegación ou avocación puntual de funcións ao persoal adscrito á sección; coordinación e colaboración co resto de seccións ou servizos municipais; instrumentación das directrices políticas de acordo cos fins e obxectivos asignados á sección, etc...

-Procurar que os asuntos que se encomenden sexan despachados con regularidade e coidar o cumprimento dos trámites dentro do prazo regulamentario.

-Apoiar e colaborar cos restantes servizos municipais na redacción de informes, proxectos e pregos de condicións en que polos seus coñecementos e competencias requíraselle.

-Tramitación electrónica de expedientes de acordo cos procedementos telemáticos que se vaian





Concello de Guitiriz

instaurando, solicitando no seu caso, apoio, auxilio e colaboración doutras Administracións Públicas.

-No capítulo 1, gastos de persoal, 2.658.560,07 o que supón un aumento do 5,91 con respecto ao ano 2022 pero non é real e so se pode explicar cos ingresos ficticios do orzamento.

-No capítulo 2, gastos correntes, 1.570.929,00 supón un incremento do 16,75 % con respecto ao ano 2022.

-No capítulo 4, transferencias correntes (subvencións, axudas e premios) que pasara de 77.000 do ano 2022 a 110.363,15 deste ano, o que supón un aumento de 33.363,15 e dicir aumentamos un 42% mais.

-Nos capítulos 6,7, 8 e 9 cun importe de 727.137,21 onde as transferencias de capital son de 136.826,15 os gastos de investimentos elévanse a 577.811,06.

Segundo consta no anexo de investimentos que figura no expediente no ano 2022 as inversións reais con fondos propios do concello eran 60.000 euros pero no ano 2023 os fondos propios do concello son 34.971,00 €. Neste mesmo anexo presenta un gasto de 714.897 dos cales 403.412,53 é unha aportación do Plan Unico da Deputación.

Tamén presentan un gasto de inversións de 276.514,06 para un préstamo cunha entidade financeira que pretenden concertar tendo que volver a endebedarnos.





Concello de Guitiriz

O voceiro do BNG di que son os últimos orzamentos desta lexislatura e todo o que prometeron no ano 2019 esta sen facer porque por moito que diga na prensa non nos vai convencer, nin a nós nin a xente de Guitiriz e a realidade é que Guitiriz vai para abaixo.

Comenta no Terrachaxa que fai un balance positivo porque puideron levar a cabo actuacións que melloraron o día a día dos nosos veciños a pesar da pandemia e que agora están retomando moitos deses proxectos que tiveron que aparcar e aínda así logrouse aprobar o PXOM. Vostedes no fixeron nada polo PXOM ou peor aínda aprobaron un plan que non esta ao día e non fixeron nada para adecualo a realidade actual de Guitiriz e a proba é que dende que se aprobou, fai dous anos, non intentaron desenvolver nada do Plan.

Tamén comenta que é complicado escoller un dos proxectos importantes desta lexislatura, aquí eloxiamos a súa sinceridade porque non fixo nada de nada.

En canto a problemática da auga de Guitiriz, di que fixeron un gran esforzo para solucionalo pero todo o que fixeron xa estaba programado e medio xestionado dende a lexislatura anterior e teño que recordarlle que este problema coa auga non esta arranxado e en Parga segue a ter o mesmo problema que fai cinco anos.

O que é unha realidade é que Guitiriz vai a menos, a poboación diminúe ano tras ano e en parte vostedes teñen algo de culpa, xa que non fixeron nada para que Guitiriz sexa atractivo e para que a xente nova opte por vivir en Guitiriz.

Os orzamentos son a base do que nos agarda para este ano e aínda que este ano temos un millón mais orzamentado Guitiriz vai a seguir na derradeira posición da comarca, os servizos públicos que ofrece este concello van empicados, o único que se salva son as Escolas Deportivas e estas sen unhas boas instalacións para a practica do deporte co paso do tempo teñen moi difícil a súa supervivencia.

O concello debería ter uns bos servizos públicos, unha gardenia ou un punto de atención a infancia pero con suficientes prazas para as futuras crianzas, un auditorio para desenvolver todo tipo de actividades, un complexo deportivos para a práctica do deporte e unha piscina municipal onde as crianzas podan aprender a nadar, en definitiva bos servizos públicos.

Que vivenda publica se pode ofrecer as familias?, que comunicacións de trens ou autobuses se lles pode ofrecer aparte do seu vehículo particular?

Guitiriz esta cada vez peor nestes aspectos e perdemos poboación polo que non tardaremos moito en baixar de 5000 habitantes o que supón perder categoría e non me diga que vostedes non teñen culpa ningunha do empeoramento do concello.

Dígame en que mellorou Guitiriz despois de malgastar aproximadamente vinte millóns de euros en catro anos.

A Sra. Alcadesa di que lle vai explicar porque houbo que incrementar o capítulo 4, para ter xunto co concello de Vilalba e Xermade o servizo de atención tempera e a subvención que da Xunta non nos foi comunicada ata a semana pasada, nesta partida tamén van as axudas que se dan todos os anos aos estudantes mediante unha convocatoria publica e tamén as axudas as asociacións que hai neste concello que fan actividades para a veciñanza.

En canto ao que di da inversión con fondos propios do concello, a suma do presuposto inicial do ano 2022, máis todas as modificacións que se puideron incorporar despois e mais todas as subvencións que conseguimos doutras administracións foi de sete millóns catro mil oitocentos oitenta e seis con setenta e seis e isto tamén figura na documentación do expediente por iso cando se fala de algo deberíamos estar informados e saber do que se fala.

O voceiro do PP di que eles consideran que é un presuposto enganoso.
No capítulo de ingresos:





Concello de Guitiriz

-No capítulo 1, Imposto Bens Inmóveis, Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e Imposto de Actividades Económicas, consta como previsión de ingresos de 1.293.000 e dicir 36.000 euros mais que o ano anterior
-No capítulo 2, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, estimase en 75.000 euros, e dicir, 30.000 euros mais que o ano anterior.
-No capítulo 3, outros impostos, con previsión de ingresos de 679.258,82 o que supón un incremento de 126.000 euros, e dicir un 22,7% mais, isto implica que temos que prepararnos para a subida dos impostos municipais.
-No capítulo 4, Transferencias correntes, recolle as axudas e subvencións doutras administracións cunha previsión de 2.350.600,00 €.
-No capítulo 6, 7, 8 e 9 cunha previsión de 692.426,61 € corresponde ao capítulo 7, Transferencias de Capital de 403.412,53 €, ao capítulo 8, Activos Financeiros de 12.500,00€ e no capítulo 9, Pasivos Financeiros, de 276.514,08 €.

Queremos reseñar as conclusións que sinala a interventora como resume destes orzamentos: o principio de prudencia deberá presidir a execución do orzamento de gastos para asegurar así a suficiencia dos mesmos respecto as necesidades para as que está previsto sobre todo durante este exercicio económico, se cabe en maior medida, que en anos anteriores debido a incertidumbre existente agora mesmo.

O voceiro do BNG di que vai analizar o capítulo de ingresos e gastos para que todas as persoas saiban o que propoñen con este orzamento:

- Ingresos

No capítulo 1 están os ingresos directos de impostos como o IBI, IVTM ou IAE e aumentan con respecto ao ano anterior en 88.021 € cun montante de 1.293.000,00 €

No capítulo 2, impostos indirectos como ICIO aumentan 30.000 € con respecto ao ano anterior cun montante de 75.000,00 €

No capítulo 3, taxas municipais e outros impostos aumentan en 126.000,00 € con respecto ao ano anterior cun montante de 679.258,82 €

No capítulo 4, transferencias correntes aumentan en 152.328,00€ cun montante de 2.350.600,00 €

No capítulo 5, non se prevé ningún ingreso.

No capítulo 6, tampouco se prevé ningún investimento real.

No capítulo 7, transferencias de capital, metense os 403.412,53 € do Plan Único da Deputación.

No capítulo 8, activos financeiros, é igual que o ano anterior 12.500,00 €.

No capítulo 9, pasivos financeiros, pídesse un préstamo de 276.514,08 €

- Gastos

No capítulo 1, gastos de persoal, prodúcese un aumento de 157.066 euros cun total de 2.658.560,07 €.

No capítulo 2, gastos en bens correntes e servizos cun incremento de 225.475,00 € cun total de 1.570.225,00 euros.

No capítulo 3, gastos financeiros, igual que o ano pasado cun montante de 4.000 euros.

No capítulo 4, transferencias correntes, aumentan en 32.663 euros cun montante de 110.363,15 €

No capítulo 5, teñen consignado 20.000 euros como o ano pasado.

No capítulo 6 os investimentos que aumentan en 517.811,00 euros cun total de 577.811,06€

No capítulo 7, transferencias de capital hai 136.826,15 €

No capítulo 8, efectivos financeiros, hai 12.500,00 €

Temos mais de ingresos de impostos municipais, ingresos directos e indirectos que o ano pasado porque os inflan cos 403.412 da Deputación e pedindo un crédito de 276.514 euros. O normal sería elaborar os orzamentos sen estes cartos que suman 679.926 euros para poder facer unha comparativa cos orzamentos dos anos anteriores.

As contas non lles cadran, os gastos de persoal aumentan en 157.066 e os dos bens correntes e servizos aumentan 225.475,00, o concepto de subvencións, premios e axudas aumenta en 32.663





Concello de Guitiriz

euros e os investimentos son 311.483 sen contar cos 403.412 do Plan Único co que fan un total de gastos a maiores con respecto ao ano anterior de 726.687,00 euros e so 401.000 de ingresos, e dicir un déficit de 324.830 euros.

Os concellos galegos recibimos unha media de 70 euros menos que fai o Goberno por persoa, pois ben si multiplicamos 5328 habitantes por 70 euros que teriamos que recibir do goberno central daríannos as contas xustas, pero o BNG no Congreso dos Deputados non votou a favor dos orzamentos pero o PSOE si, prexudicando aos cidadáns de Galicia e de Guitiriz en concreto.

A Sra. Alcaldesa di que en anos anteriores non incluíamos nos presupostos o Plan Único porque traíamos a pleno os orzamentos en decembro e aínda non sabiamos si no lo ían conceder pero este ano ao presentar os orzamentos en xaneiro xa sabemos que podemos contar con eses ingresos para investimentos.

En canto ao ICIO lémbrolles que o ano pasado recadou por este imposto 105.209,81 € e non foi precisamente debido as grandes obras que menciona o voceiro do PP porque esas obras foron as que tiveron bonificación.

O concello ten que facer un uso razoable dos cartos e investilos adecuadamente e neste momento somos nós os que decidimos en que se gastan.

Sometido o asunto a votación e aprobado cos votos a favor do PSOE, en contra do PP e abstención do BNG.

Expediente 341/2020. Modificación do inventario municipal de camiños no lugar de A Paderna- Parroquia de Labrada

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Modificación do inventario municipal de camiños no lugar de A Paderna- Parroquia de Labrada. Expte. 341/2020

Visto o seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Proposta de modificación do trazado de camiño público para a mellora do acceso e manexo da explotación gandeira, presentada por Jose Ramiro Morado Loureiro (33317681L), en representación de Paderna SC (J27418110), con entrada no rexistro o 20/03/2020 (2020-E-RE-79).

-Providencia de incoación de expediente de alteración do inventario municipal de camiños, de data 23/03/2020.

-Informe do técnico municipal de medio ambiente nº 2020-0055 de data 26/03/2020

-Requirimento de documentación para emenda da solicitude de modificación de trazado de camiño público, de data 07/05/2020.

-Achega da documentación requirida con entrada no rexistro o 27/08/2020 (2020-E-RC-3847).

-Informe favorable do técnico municipal de medio ambiente nº 2021-0008 de data 19/01/2021 do seguinte teor literal:

<<

Cod. Validación: 3E5EAPMP3H5R6RLDNRDE3PY5
Corrección: https://guitiriz.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 68 a 80





Concello de Guitiriz

ASUNTO	Alteración do inventario municipal de camiños no lugar de A Paderna. Exp. 341/2020
PROMOTOR	Pardena SC. con CIF: J27418110

Informe nº 2

Primeiro. Antecedentes

Providencia de alcaldía de data 23/03/2020 de inicio de expediente de alteración do inventario municipal de camiños.

Solicitud de modificación de trazado de camiño publico para mellorar o acceso a explotación gandeira de data 20/03/2020 con R.E.: 79, no que se aporta memoria (sen asinar) e plano con proposta de cambio do trazado de camiño publico.

Inventario de camiños municipal de Guitiriz aprobado en sesión plenaria do 28/03/2019.

Documentación aportada, segundo requirimento, de data 07/05/2020.

Normativa aplicable:

Lei 2/2006 de 10 de febreiro do solo de Galicia

Decreto 143/2016 do 22 de setembro polo que se aproba o reglamento da lei 2/2016, de 10 de febreiro do solo de Galicia.

Segundo. Informe.

Tendo en conta a solicitude do promotor como da documentación obrante no concello, a continuación efectúanse as seguintes consideracións:

- Segundo consta no inventario de camiños, e no documento final aprobado en sesión plenaria do 28/03/2019, o camiño obxecto do cambio conta coas seguintes características:

Codigo camiño	03_103
Referencia catastral	27022A20809002 – 27022A20909004
Lonxitude	696,62 mts.
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Inicio	X: 592215,28 Y: 4795175,87
Coordenadas ETRS 89 Huso 29 Final	X: 591713,46 Y: 4795570,76
Material	Terra
Estado	Malo





Concello de Guitiriz

- Segundo o decreto 143/2016 do 22 de setembro, "no solo rustico non está permitida a apertura de camiños que non estean expresamente contemplados no planeamento urbanístico ou nos instrumentos de ordenación do territorio, salvo no caso de camiños rurais contemplados nos proxectos aprobados pola Administración competente en materia de agricultura, de minas, de montes ou medio ambiente. As novas aperturas de camiños deberán adaptarse as condicións topográficas do terreo, coa menor alteración posible de paisaxe e minimizándose ou corrixíndose o seu impacto ambiental. Neste caso, non estamos ante unha apertura dun novo camiño, senón do cambio de trazado dun existente.

- Consta memoria explicativa no que xustifica que o cambio de trazado ven determinado por:

- Mellor acceso e manexo dos silos, de entrada a corte e movementos dentro da parcela para desenvolver a actividade.
- Novo trazado do camiño é máis lineal, sen tanta curvatura e sen invadir a zona dos silos e da corte.

- O cambio de trazado do camiño prodúcese na parcela con RC: 27022A208000740000MX, sendo titular Jose Ramiro Morado Loureiro, representante de Paderna SC.

- A lonxitude e superficie do tramo do camiño obxecto do cambio de trazado son:

- Lonxitude: 136 metros
- Superficie: 136,10 m²

- Os traballos de acondicionamento do novo trazado correrán a cargo do solicitante, baixo os seguintes condicionantes:

- Evitarase facer grandes movementos de terra a hora de definir o novo trazado do camiño.
- Minimizarase o impacto sobre a pendente do terreo co fin de evitar cambios na escorrentía das augas pluviais.
- Os traballos a executar para o novo trazado do camiño levaranse a cabo fora do período de choivas, para evitar lameiros e escorrentías na zona e así facilitar o asentamento do novo firme do camiño.

Terceiro. Conclusións

Tendo en conta o exposto anteriormente, informase favorablemente o cambio do trazado do camiño nº 03-103, proposto por Paderna SC tendo en conta os condicionantes descritos anteriormente.

E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.>>

- Informe xurídico de data 11/01/2023
- Mapa coa proposta do cambio de trazado.

Considerando o establecido no artigo 17 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:





Concello de Guitiriz

Primeiro.- Proceder a modificación do cambio de trazado do camiño nº 03_103 incluído no inventario municipal de camiños segundo se reflicte de seguido:

Segundo.- Darlle traslado do presente acordo a cantos interesados houbese no procedemento.

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia do Concello de Guitiriz .



CONCELLO DE GUITIRIZ (LUGO)	LUGAR: A PADERNA (LABRADA)	 TRAZADO_ACTUAL_CAMIÑO  PROPOSTA_CAMBIO_TRAZADO
CAMBIO DE TRAZADO DE CAMIÑO INCLUIDO NO INVENTARIO MUNICIPAL DE CAMIÑOS.	CODIGO CAMIÑO Nº: 03_103	

>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que se solicita a modificación do trazado do camiño publico para mellorar o acceso a explotación gandeira e segundo os informes e memoria que constan no expediente o trazado novo prodúcese na parcela do propio titular e el mesmo corre cos gastos do acondicionamento polo que vemos que é necesario e como os informes son favorables nós imos votar a favor.

O voceiro do BNG di que esta a favor deste expediente.

Sometido o asunto a votación é aprobado por unanimidade.





Concello de Guitiriz

Expediente 363/2022. Desafectación de ben demanial

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Desafectación de ben demanial.

Este Concello contaba no seu inventario co seguinte ben:

EPÍGRAFE 1º INMOBLES ASENTADO 91 Nome da finca: ESCOLA DE SANTA LEOCADIA
Natureza do inmovible: URBANO Situación: SANTA LEOCADIA
Inmovible sito no lugar de Raposeira, na parroquia de Santa Leocadia, con referenciacatastral 002102500NH97H0001JX de planta alta e baixa. Ocupa, segundo información catastral, unha superficie de solo de 80 m² e conta cunha superficie construída de 153 m².

Ubícase sobre unha parcela rústica catastrada a nomo do concello de Guitiriz coa referencia catastral 27022A340001330000OL.

Tratase dun ben demanial de servizo público, desafectada do servizo educativo por Orde do Ministerio de Educación e Ciencia de 13.12.1976.

Non se atopa inscrita no Rexistro da Propiedad.

Mediante acordo plenario de 26/05/2022 procedeuse á modificación puntual do Inventario de bens, por considerar, previos os trámites oportunos, que unha porción de terreo de 553 m² (incluída a superficie ocupada polas vivendas) encravada na parcela de titularidade municipal, é de titularidade privada.

En data de 12 de xaneiro de 2023, ditouse resolución de Alcaldía de aprobación de proxecto para parcelación e regularización de terreos, constando informe técnico de data 16 de decembro sobre cumprimento de finalidades e conveniencia dende o punto de vista urbanístico de dito acordo, nos seguintes termos:

“O proxecto achega unha memoria urbanística co cumprimento das condicións de parcelación establecidas no planeamento vixente, quedando acreditado o seu cumprimento considerando de aplicación as excepcións establecidas na ordenanza de aplicación para as parcelas preexistentes con anterioridade a aprobación do PXOM respecto dos parámetros de parcelación e ocupación, dado que se trata de parcelas xa edificadas, considerando en todo caso que coa regularización proposta mellórase considerablemente a estrutura parcelaria respecto da orixinaria.

- Considérase que a reparcelación e regularización de terreos proposta resulta compatible coas determinacións de ordenación do PXOM e non impide o seu desenvolvemento, non variando a situación urbanística das edificacións existentes e incluso mellorándoa.”

Visto o informe técnico 12 de xaneiro de 2023 no que se manifesta que:

“Considérase polo tanto que se cumpre o establecido no artigo 7.2 do RD 1372, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais que se





Concello de Guitiriz

conceptuarán como parcelas sobrantes aquelas porcións de terreo propiedade das Entidades Locais que pola súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento non resultan susceptibles de uso adecuado”.

O que implicaría que non tendo unha expectativa de destino destes bens a uso ou servizos públicos, procedería cambiar a cualificación xurídica dos mesmos a bens patrimoniais coa categoría de parcela sobrante, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado e presentar un réxime de utilización mais acorde co principio de eficiencia na asignación de recursos públicos, no caso da súa utilización como ben patrimonial.

Visto o informe de Secretaría en relación co procedemento e a Lexislación aplicable para levar a cabo a desafectación dos terreos referenciados no informe técnico.

Tendo en conta o artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais; o Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal; a Orde de 4 de xuño de 1987 sobre desenvolvo do Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, polo que se regula o procedemento de autorización previa da desafectación de edificios públicos escolares de propiedade municipal e os artigos 22.2.l), 47.2.n) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus asistentes acordou:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a alteración da cualificación xurídica de parte do terreo da seguinte parcela:

27022A340001330000OL

Modificar a súa cualificación como ben demanial, desafectándoa parcialmente do servizo público, aos efectos de quedar calificada como ben patrimonial coa categoría de parcela sobrante, co grado de detalle que se amosa a continuación:

PARCELAS RESULTANTES DA REORGANIZACIÓN	SUPERFICIE NETA	SUPERFICIE DESAFECTADA	SUPERFICIE PARCELAS SOBRANTES
RESTO FINCA MATRIZ PARCELA MUNICIPAL (Casa Escola)	1.083 m2		
PARCELA A JOSÉ PAREDES MARTÍNEZ (vivenda nº12)	394 m2	269 m2	125 m2
PARCELA B JESÚS M. PÉREZ PEREIRA (vivenda nº13)	590 m2	263 m2	327 m2

Concretándose o resultado final das parcelas en cuestión, coa correspondente





Concello de Guitiriz

cuantificación de parcela sobrante, a través de plano asinado polas técnicas municipais en data de 11 de xaneiro de 2023

SEGUNDO. Someter o expediente a información pública polo prazo dun mes no taboleiro de anuncios do Concello e no BOP, aos efectos de presentación de alegacións ou reclamacións.>>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que por acordo plenario 26/05/2022 acordase proceder a modificación do inventario de bens municipais da porción de terreo enclavado na parcela no lugar de Raposeria-Santa Leocadia.

Con data 12/01/2023 aprobase o proxecto de parcelación e regularización de terreos coa finalidade de reorganización da propiedade dos inmobles.

A desafección de bens que son de dominio publico poderán ter lugar cando o inmovible deixe de ser necesario para o desenvolvemento do servizo ou uso publico ou cando concorran circunstancias necesarias para desafectalo, previa xustificación.

Vistos todos os informes técnicos nós imos votar a favor do expediente.

O voceiro do BNG di que esto xa se debateu en Pleno e estamos de acordo.

A Sra. Alcaldesa di que non se esta a desafectar ningún inmovible senón que é un terreo no que no seu momento se construíron dúas casas, estas son de dous particulares e o terreo consta a nome do concello, desafectando esa porción de terreo os propietarios das casas poden adquirilo e así ter acceso a vía publica.

Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade.

Expediente 38/2023. Moción BNG sobre axudas a produción ecolóxica dentro da PAC

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Voceiro do BNG da lectura a moción:

<< MOCIÓN SOBRE A TOMA DE POSICIÓN DO CONCELLO DE GUITIRIZ PARA A DOTACIÓN DE FONDOS DA XUNTA DE GALIZA EN RELACIÓN COAS AXUDAS Á PRODUCCIÓN ECOLÓXICA QUE CUMPRAN CO REQUISITO DA CONVOCATORIA PARA O PERÍODO 2023-2027 DENTRO DO APARTADO DE DESENVOLVEMENTO RURAL DA PAC.

Exposición de motivos:

A Política Agraria Común pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión das producións convencionais.





Concello de Guitiriz

Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante o ano 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas 12.000 ht. máis para o que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6 M€. A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrência competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incomprensible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector.

O agro de Guitiriz e por suposto todo o agro galego adoece dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, escaseza de subministrós, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria era previsible dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas.

Esta situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas o 43% das hectáreas solicitantes de toda a Galiza, que doadamente poden suponer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións.

Vexamos por que a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais das cuestións xa mencionadas:

- Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico.
- Gastos en pago a entidades de aconsellamento que van desde 1.200 a 1.400 euros.
- Costas de inscrición no CRAEGA, (consello regulador de agricultura ecolóxica de Galiza) que supoñen uns 450 euros.
- Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1000 € ata moitos miles máis.
- No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes ao primeiro ano 2022 de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos.
- Incremento do gasto pola diferenza entre un 1kg de penso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo de 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo





Concello de Guitiriz

de todo o ano.

- Perda de ingresos polo descenso inicial da produción. A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato.

Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incertidume se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto oramentario da convocatoria do anterior ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzamentariamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 2023 e os seguintes ata o 2028.

Esta nova PAC pretende un horizonte no 2030 para as producións ecolóxicas do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde de poboación e pola necesidade de restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ó medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos plans europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvintes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen.

Por todo o anteriormente exposto o grupo municipal no Bloque Nacionalista Galego de Guitiriz solicita deste Pleno a resolución do presente acordo:

- O Concello de Guitiriz insta ao Goberno da Xunta a fornecer economicamente o orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027.
- O Concello de Guitiriz insta ao Goberno da Xunta a darlle publicidade e transparencia as decisións adoptadas para coñecemento das e dos produtores en ecolóxico, co fin de que poidan reconducir as súas explotacións evitando perdas económicas inxustificadas. >>

Aberto o debate pola Sra. Alcaldesa o voceiro do PP di que como ben se fai mención na moción a superficie en ecolóxico medrou no último ano por enriba do 40% chegando as 13.000 hectáreas. É un incremento salientable da produción ecolóxica na nosa Comunidade, no vindeiro ano xa se incrementaron os fondos para a agricultura ecolóxica preto dun 23% ata chegar aos 3,9 millóns de euros e vaise seguir incrementando e así permitir que a agricultura e o ecolóxico sigan medrando. Foi o incremento porcentual máis grande de todas as axudas da PAC, as axudas con limitacións naturais en montaña pasan de 9.100.000 euros a 12,5 millóns de euros, o dedicado a xestión de pastos de oito millóns a 10,3 millóns de euros.

Ademais todos os agricultores e gandeiros galegos con dereito que traballen en ecolóxico tamén van a percibir axudas directas.

Estes incrementos fixéronse con ata seis modificacións con Programa Desenvolvemento Rural de Galicia nos que estivemos presentes e tiveron voz as organizacións profesionais agrarias que manifestaron a súa conformidade.





Concello de Guitiriz

A Xunta puxo enriba da mesa a posibilidade de modificar o Plan Estratéxico de Política Agraria Común para adicar mais fondos sen esquecer que estas achegas son compatibles con axudas directas.

A Sra. Alcadesa di que eles están de acordo con esta moción porque lles parece axeitada e adecuada.

O voceiro do BNG di que a pregunta que nos debemos facer hoxe é si o noso agro ten que contar exclusivamente cos cartos da PAC ou si a Xunta debería aportar algún fondo, nós cremos que si.

A Xunta promocionou correctamente a conversión das axudas a ecolóxico pero o que fixo mal foi defraudar as expectativas que creou posto que dedicaron 2,5 millóns cando facían falta 5,6 xa que denegaron moitas axudas.

A Xunta carece dun plan para modificar estruturalmente o sistema produtivo primario do noso país por iso utiliza os cartos europeos da PAC para intentar manter o status actual dos nosos produtores/as, de feito as axudas a produción ecolóxica galega supliu a ausencia de políticas da Xunta como se pode ver no feito de que a maioría das carnicerías e superficies comerciais non hai venda de carne ecolóxica sobre todo porque non hai circuitos de venda para esta carne, a maioría vendese como convencional por debaixo dos custes de produción.

Moita novas incorporacións solicitaron o cambio para intentar capear o temporal das sucesivas crisis e fixérono por consello propio da Consellería da Xunta.

Debemos comezar a explicar onde se sitúan as axudas a agricultura ecolóxica, son axudas de desenvolvemento rural, polo tanto corresponde ao segundo pilar da PAC e van dentro do apartado “compromisos mediambientais, climáticos e demais compromisos de xestión” xunto con outras axudas a cultivos sostibles, xestión sostible de pastos ou recursos xenéticos, son incompatibles coas do agro deste mesmo pilar da PAC.

Son convocatorias por cinco anos onde os dous primeiros son chamados de conversión onde as axudas son maiores e outros tres son de mantemento que deberían renovarse coas seguintes convocatorias, agora estamos na prorroga de dous anos que a PAC permite.

Que pasou coa agricultura ecolóxica deste período actual da PAC? Na convocatoria de 2015 que era por concorrência competitiva as axudas concedéronse por orde segundo un baremo establecido ata que remataron os cartos.

O Presidente do Consello Regular da Agricultura Ecolóxica de Galicia relatou con satisfacción que se cumpriran os obxectivos durante a celebración do 25 aniversario deste Consello, informou que as hectáreas con cultivos ecolóxicos medraron en 17.794 hectáreas dende 2016, pasando de 27.700 hectáreas a 45.510, tamén as persoas produtoras incrementáronse en 578 pasando de 945 a 1223 e como no podía ser de outro xeito a facturación supuxo un incremento de 70 millóns. Todo isto a pesares dos efectos da pandemia e tendo en conta que moito produto vendese como convencional.

Esta nova PAC pretende nun horizonte de 2030 acadar unha porcentaxe en ecolóxico do 25% da superficie agraria útil, en Galicia andamos polo 5%, entón senón hai axudas directas como prometeu a Xunta esta porcentaxe non se vai lograr no 2030.

O voceiro do PP di que eles van votar a favor.

A Sra. Alcadesa dí que eles teñen coñecemento de que no noso concello hai produtores que queren cambiar a súa forma de producir para produción ecolóxica e como xa dixen antes imos votar a favor.

Sometido o asunto a votación e aprobado por unanimidade.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL





Concello de Guitiriz

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS

ROGOS PP

- Rogamos que cando se fagan obras en rúas, estradas etc. non se deixe aos veciños/as incomunicados. Deberíaseles comunicar aos veciños/as para que estean informados.
- Que durante o ano 2023 non se cobre os vendedores ambulantes que veñen ao noso mercado dos mércores dada a baixada que se esta a producir tanto de postos como de clientes e así atraer a máis xente e intentar recuperar un pouco o mercado.
- Que se adopten medidas na Praza da Igrexa de Santa Maria dado que aparkan un gran número de vehículos e dificultan a saída dos garaxes das monxas e do cura. Responde a alcaldesa que por ser un terreo privado a quen ten que dirixirse é aos donos do terreo para que restrinxan o aparcamento.
- Cando se programen actividades do nadal como por exemplo o mercado deste ano se gaste algún carto en carpas e non todo en organización.
- Cando se faga unha invitación, por exemplo o chocolate da cabalgata de reis, se faga o suficiente para que non quede xente sen poder tomar o chocolate.
- No Paseo do Boedo desprendéronse madeiras dos laterais polo que sería convinte tomar medidas.

ROGOS BNG

- Eu traio 125 rogos que foron os que presentou o BNG en toda a lexislatura. Rogámoslle que nestes tres meses que faltan para rematar a lexislatura cumpra polo menos con catro ou cinco dos rogos que presentamos.

PREGUNTAS

PREGUNTAS PP

Do pleno anterior:

- Cantas denuncias ten o concello dos traballadores/as a día de hoxe do ano 2022?

Resposta: Tiñamos unha que é a sentenza que vostede acaba de ler en relación co horario de verán.

- Cantos traballadores/as ten a día de hoxe o concello de baixa medica?

Resposta: seis, tres auxiliares do SAF e outras tres doutros departamentos.

Deste pleno:

1. Cal foi o motivo de poñer as sinais de prohibición para parar e aparcas no Curro Vello?

Resposta: Só esta prohibido parar e aparcas dun lado pero pódese parar e aparcas do outro porque si deixamos aparcas dos dous lados os veciños/as que viven alí non poden saír dos garaxes cos seus coches. A sinal esta colocada baixo a supervisión do policía local.

2. Que nos pode dicir da baixada tan grande de poboación que ten o concello?





Concello de Guitiriz

3. A pista de padel esta recepcionada polo concello e dende que data?

Resposta: Esta recepcionada pero non me acordo dende que data, xa o miro e dígollo. Temos incautada a garantía de empresa adxudicataria porque non cumpriu coas condicións do contrato e así poder emendar as deficiencias que se detectaron unha vez recepcionada a obra.

4. A zona de baño no río Parga dende o 17 de agosto do ano pasado era apta para o baño?

Resposta: Mandaron un comunicado da Xunta dicindo que non era apta para o baño e púxose en coñecemento do xestor das instalacións.

5. No campo de fútbol de Guitiriz porque non hai auga quente sempre?

Resposta: Alí esta funcionando todo perfectamente.

6. Cando ten pensado arranxar a arqueta que esta diante da Ferretería Modesto?

Resposta: Estou en negociacións coa Deputación para ver quen a arranxa, pero xa se arranxou varias veces.

7. Esta controlado o problema das ratas na escombreira da Casa da Botica?

Resposta: Púxeno en coñecemento da Deputación para que procederan a solucionalo.

8. Hai un decreto dun gasto de case 16.000 euros do mercado de nadal, pódenos dicir a que foron destinados estes cartos?

Resposta: A colocación das casetas, os talleres que se fixeron nas casetas etc.

9. Cal foi o motivo polo cal lle retirou os teléfonos móbiles aos traballadores do concello?

Resposta: O único que se retirou foi o do camiión do lixo porque non o usaban, o resto dos traballadores seguen tendo telefono.

10. Que medios puxo o concello co problema que houbo na tenda Anita Chip?

Resposta: O concello estivo maña e tarde con todos os medios dos que dispón e viñeron o GES de Friol e os bombeiros de Vilalba. O problema era que estaba atascada dentro, na súa baixante, pero o concello colaborou facendo unha limpeza na rede de saneamento que pasa por diante da tenda.

Preguntas BNG

1. Contratou unha empresa chamada "Pedra, Papel y Tijera S.C" para o mercado de nadal en Guitiriz e dinamizar e promocionar o comercio local que costou 13.506 euros mais 2.836,26 de IVE. Tendo en conta a teórica promoción do comercio local de Guitiriz a empresa sería de Guitiriz?

Resposta: Non era de Guitiriz pero pódese promocionar o comercio de Guitiriz a través dunha empresa que non sexa de aquí.

2. Contrataron unha persoa para xestionar este hipotético mercado de nadal para promocionar e dinamizar o comercio local na que gastaron 14.370,00 € cun IVE de 3.017,70 €, esta persoa era do noso concello?

Resposta: Non contratamos unha persoa, nós o que fixemos foi contratar unha empresa e nese contrato incluíanse distintos servizos.

3. Gastaron un total 33.729,96 € no Nadal, e dicir, 6,18 € por cada habitante do concello. Instalaron seis casetas no Campo da Feira, algunha deles despois de ver o que había os primeiros días xa non volveron e quedaron catro. Non lle parece unha barbaridade de cartos gastados?

Resposta: Este ano optamos por facer algo distinto ao que fixemos outros anos e o tempo non





Concello de Guitiriz

acompañou e unha parte non saíu tan ben como esperabamos, certas cosas non saíron como estaba previsto.

4. Segundo a paxina web do concello empresas como Ikea, Papelga e Copama (empresas que non son de Guitiriz) son as que colaboraron. Como se sente despois de executar este gasto?

Resposta: A esas empresas que menciona non se lles pagou nada. E en canto a como me sinto xa llo acabo de responde na pregunta anterior.

5. Tamén se instalou un iglú na Praza do Campo da Feira para que supostamente os reis atenderan as peticións dos mais pequenos. Canto costou?

Resposta: Esta dentro dos orzamentos que acaba de mencionar.

6. Segundo o decreto do expediente 1064 aprobaron a factura dun camiión con gancho multibasculante e contenedores para a Agrupación Voluntaria de Guitiriz e Xermade, que voluntarios van facer isto?

Resposta: É unha agrupación voluntaria de municipios, Guitiriz e Xermade, que voluntariamente nos agrupamos os dous concellos para xestionar un punto limpo móbil.

7. Recentemente celebrouse en Madrid a feira internacional de turismo FITUR, supoño que estariamos representados pola Concelleira de Turismo e de ser así que foi o que se promocionou?

Resposta: Fun eu e non a Concelleira de Turismo porque non tiña dispoñibilidade ese día e eu considero que esa é a miña obrigación.

8. Xa están transferidas ao Concello a Rúa Rosalía de Castro, Avda. da Coruña e a Rúa do Concello?

Resposta: A Avda. da Coruña e a Rúa do Concello non están transferidas porque non vou asinar a cesión sen que me fagan as melloras que quero que fagan. A de Rosalía de Castro si que esta transferida.

9. Cantos puntos de recollida de plásticos agrícolas se clausuraron?

Resposta: Dous e estamos en vías de clausurar os tres que quedan.

10. Nun pleno anterior dixo que ían arranxar as entradas do aparcadoiro da Rúa Boa Veciña, están feitas estas obras?

Resposta: Non, están sen facer o que si se fixo foi unha actuación de urxencia.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 3E5EAPMP3H5R6RLDNRDE3PY5
Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 80 a 80

